

Do Cloud á Innovación: Constrúe o Futuro con Kubernetes, OpenShift e Virtualización

Descrición

Nunha contorna tecnolóxica en constante evolución, as organizacións necesitan plataformas flexibles capaces de convivir con cargas de traballo tradicionais, modernizarse cara a contedores e escalar en proxectos de Intelixencia artificial.

Este seminario ofrece un percorrido integral a través das tecnoloxías clave de **Red Hat OpenShift**: desde os fundamentos da contenerización e a xestión e migración de máquinas virtuais nunha plataforma unificada.

Pensa como os arquitectos tecnolóxicos do futuro, comprendendo as tecnoloxías que están a substituír os centros de datos tradicionais e acelerando a innovación a escala global.

Toma o control de OpenShift e Kubernetes, as plataformas que impulsan a próxima xeración de aplicacións intelixentes, escalables e preparadas para calquera desafío empresarial.

Constrúe a ponte entre o legado e a innovación, unificando máquinas virtuais e aplicacións cloud-native nunha plataforma capaz de transformar radicalmente a forma en que as organizacións operan, evolucionan e compiten.

Perfil do docente

Os relatores serán:

Ivan Pazos Atanes, Solution Architect en Red Hat (2 horas)
<https://www.linkedin.com/in/iv%C3%A1n-pazos-98621518/>

Iván Pazos (Account Solutions Architect) en Red Hat. Actualmente é o responsable técnico de distintos clientes distribuídos en Galicia, Madrid, Cataluña e Baleares para tecnoloxía Red Hat en xeral. Previamente estivo 2 anos como consultor senior no dpto de servizos de Red Hat axudando a clientes a adoptar tecnoloxías de Red Hat principalmente OpenShift.

Adonis García, Arquitecto de Consulting en Red Hat (2 horas)
<https://www.linkedin.com/in/adonisgarciac/>

Adonis García que é Arquitecto de Consulting en Red Hat, responsable do deseño, arquitectura e bo desempeño das nosas tecnoloxías en distintos clientes tanto en España como en Portugal. As súas áreas de expertise son moi amplas e van desde o sistema operativo RHEL Linux, xestión a escala con Satélite automatización con ansible, almacenamento Ceph, devops, CI/CD, OpenShift e agora centrado tamén na parte de OpenShift Virtualization.

PROGRAMA	Programación 2026/27
TIPO	SEMINARIO
PERIODO INSCRICIÓN	01/11/2026 - 09/12/2026
Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Virtual
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	10/12/2026
DATA FIN	10/12/2026
HORARIO	Horario de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	10/12/2026 - 10/12/2026

Temario

Bloque 1: Introducción a Contedores e Kubernetes

- Por que contedores? Da máquina virtual tradicional ao contedor.
- Conceptos básicos: Imaxes, contedores, rexistros e runtime.
- Introducción á orquestración: Por que necesitamos Kubernetes e que achega Red Hat OpenShift.

Bloque 2: Red Hat OpenShift - A Plataforma Aplicativa

- Arquitectura xeral de OpenShift.
- Despregamento e ciclo de vida dunha aplicación contenerizada.
- Roteiros, servizos, almacenamento e seguridade integrada.

Bloque 3: OpenShift Virtualization - Modernización de Infraestrutura

- Que é OpenShift Virtualization (KubeVirt)?
- Convivencia nunha soa plataforma: Pods e VMs lado a lado.
- Importación e migración de máquinas virtuais desde infraestruturas tradicionais.